



www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-saude/dobre-grao-farmacia-optica-optometria



Dobre Grao en Farmacia e en Óptica e Optometría



www.usc.gal



Farmacia e Óptica e Optometría

O Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría pretende formar expertos en todos os aspectos relacionados cos fármacos e os medicamentos, así como profesionais altamente cualificados para ao coidado da atención primaria da saúde visual.

Ambos graos contan coa suficiente interrelación para conseguir facer viable o itinerario dunha dobre titulación.

As competencias que adquiren en conxuntos os estudantes permitiralles contar cun perfil profesional máis versátil ampliando os ámbitos nos que poden desenvolverse.

Tipo Presencial

Área Ciencias da Saúde

Centro Facultade de Farmacia
Avda. de Vigo

s/n 15782 Santiago de Compostela
farmacia.decanato@usc.es

Facultade de Óptica e Optometría
facultade.opticaeoptometria@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-saude/dobre-grao-farmacia-optica-optometria

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 6,5 anos

Número de prazas: 10

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en seis cursos e medio, cun total de 411 ECTS, conformados por 90 de formación básica (78 do grao en Farmacia e 12 do Grao en Óptica e Optometría), 321 obrigatorios (195 de Farmacia e 126 de Óptica).

Mobilidade e prácticas

A mobilidade do estudiantado está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. Mediante o Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio, tanto nacionais (SICUE), coma europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Os requisitos que debe cumprir o estudante para cursar a materia obrigatoria de Prácticas Tuteladas de Farmacia , cunha carga docente de 24 ECTS, son ter superados, polo menos, 243 créditos, dos que 237 sexan obrigatorios ou básicos.

Os requisitos que debe cumprir o estudiantado para cursar a materia obrigatoria de Prácticas Tuteladas de Óptica e Optometría, cunha carga docente de 15 ECTS, son ter superados un total de 187 créditos.

Ambas Prácticas Tuteladas teñen como obxecto proporcionar ao estudiantado a posibilidade de aplicar os coñecementos adquiridos nas dúas titulacions. Preténdese que os futuros profesionais se integren no ámbito laboral, preparándoos para realizar actividades ás que se van dedicar ao rematar a súa formación académica.

